



ORIENTACIÓNS PARA TER EN CONTA NO TERCEIRO TRIMESTRE

Orientacións provisionais para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020 (á espera das instrucións da Consellería de Educación que determine o desenvolvemento académico deste terceiro trimestre do curso 2019/2020).

En tanto non se publique a correspondente norma cremos oportuno (posto que levamos xa 15 días de trimestre) dar unha resposta única e axeitada ao noso alumnado e ás súas familias para a terceira avaliación.

Dende o centro, estamos a facer un gran esforzo para poñer a punto este novo sistema, adaptándonos aos medios e recursos cos que contamos.

Tamén temos que ter en conta as diversas circunstancias de organización familiar, así como a diferente disposición de medios dixitais cos que contan as familias

1. AS ACTIVIDADES LECTIVAS, non se estenderán máis alá das datas establecidas na Orde do 20 de xuño de 2019, que será o mes de xuño. Ademáis, deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais, que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.

2. PUBLICACIÓN DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS:

- a. O profesorado programará as actividades na páxina web do centro, blog ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado.
- b. Os boletíns publicaranse os luns ás 9:30, co traballo para toda a semana, e a data de entrega límite das actividades dese boletín será o luns seguinte ata ás 9:30 horas, que se publicará o seguinte boletín.
- c. Nova organización nos contidos publicados:



- i. Serán 3 boletíns de actividades:
 1. Infantil: cada titoría no seu blog
 2. Primaria: cada titoría as súas actividades
 3. Complementarias: actividades de ocio e tempo libre para todos/as.
- ii. En datas significativas, os equipos de dinamización do centro, propoñerán algunha actividade para todos (xa irá marcado no horario de cada grupo ou a través de aviso xeral para todos).
- iii. Enviarase unha mensaxe a través de AbalarMóbil avisando da publicación dos boletíns e tamén se fará difusión por outras canles de comunicación do centro.

3. AS ACTIVIDADES EDUCATIVAS:

- a. Teñen como obxectivo manter a estabilidade de rutinas e manter o vínculo co alumnado do centro educativo, continuando o proceso de aprendizaxe fóra do ámbito escolar.
- b. Serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.
- c. Traballaranse aprendizaxes competenciais imprescindibles- Competencia en Comunicación Lingüística (Lingua galega, Lingua Castelá e Lingua Extranxeira) e Competencia Matemática.
- d. As actividades destas catro materias deberán ser planificadas de forma que esixa un traballo persoal do alumnado non superior a 2 horas diarias de luns a venres (a modo orientativo, de forma xeral, a algúns levaralles máis tempo e a outros menos).
- e. As actividades levarán planificación concreta diaria de realización e prazos de entrega (establécese unha data límite para entrega das tarefas).
- f. As actividades que se deseñan teñen en conta a limitación de recursos que ten o noso alumnado.
- g. O alumnado seguirá a enviar as actividades realizadas ao mestre/a en cuestión para a súa corrección, como se viña facendo ata o de



agora nalgúns cursos, (a través de correo electrónico e fotos de Whatsapp, segundo o medio que se esté a empregar co grupo).

- h. Educación Infantil: dado o carácter globalizado da ensinanza nesta etapa non se distinguen áreas na planificación das tarefas. As actividades propostas terán un horario de realización flexible, adaptado as circunstancias de cada familia.
- i. O profesorado enviará quincenalmente, á Inspección educativa, un seguemento das actividades e contactos realizados con cada un dos alumnos/as.

4. AVALIACIÓN:

- a. Os centros e o profesorado adaptarán o **sistema de avaliación** do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación do alumnado máis vulnerable.
- b. **A avaliación final das aprendizaxes** do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso.
- c. Priorizarase a avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvoltas durante este periodo, sempre que isto favoreza ao alumno ou alumna. En ningún caso, o/a alumno/a poderá verse perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do tercer trimestre. (Orden EFP/365/2020, de 22 de abril, por la que se establecen el marco y las directrices de actuación para el tercer trimestre del curso 2019-2020 y el inicio del curso 2020-2021, ante la situación de crisis ocasionada por el COVID-19 publicado no BOE- venres 24 de abril)

5. ATENCIÓN A TODO O ALUMNADO DO CENTRO:

- a. A través de medios telemáticos: Páxina web, AbalarMóbil (Mensaxería), Correo electrónico, Teléfono, Aplicacións de mensaxería instantánea, aplicacións para videoconferencia



(naqueles casos que sexa viable e tendo en conta os recursos dos que dispoña o alumnado do grupo).

- b. O obxectivo é manter una comunicación fluida co centro (en caso contrario poñerse en contacto a través dos distintos medios facilitados para buscar unha solución).
- c. A comunicación entre alumno/a e mestres/as terá una frecuencia diaria (a demanda do alumnado e familias).
- d. A atención educativa e a resolución de dúbidas (consultas) do alumnado será de contacto directo e diario do profesorado a través dos distintos medios telemáticos mencionados anteriormente.

6. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS DO CENTRO:

- a. Para a titorización e atención ás familias do alumnado empregaranse os medios non presenciais, telemáticos, telefónicos ou doutra índole dos que dispoñan os centros e as familias.
- b. Solicitarase por correo a titoría e a mestra-titora poñerase en contacto coa familia a través do medio axeitado para realizala.

Pedímosvos tranquilidade e paciencia, cada familia deberá organizarse segundo as súas condicións (horarios, disposición de medios, intensidade de traballo...)

Seguimos a vosa disposición, para calquera cousa que precisedes e na que vos poidamos axudar, no correo: ceip.seixo@edu.xunta.es. e nos teléfonos: 886 15 13 50 --- 69610 70 27

A dirección e o Claustro de mestres/as